

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN
EVANXÉLICA**

IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE

CURSO 2020-2021

**REALIZADO POR:
RUTH GARCÍA ÁLVAREZ**

A. Introducción e contextualización

Programación didáctica de 1º, 2º 3º

1	Contribución das áreas e materias o logro das competencias clave na ESO.....	4
2	Contidos	6
2.1	Contidos de 1º da ESO.....	6
2.2	Contidos de 2º da ESO.....	9
2.3	Contidos de 3º da ESO.....	10
2.4	Temporalización	12
2.4.1	Curso: 1º ESO	12
2.4.1	Curso: 2º ESO	12
2.4.2	Curso: 3º ESO	13
3	Grado mínimo de consecución para superar a materia	13
4	Procedemento e instrumentos de avaliación	13
5	Concrecións metodolóxicas que require a materia.....	14
6	Materiais e recursos didácticos que se van a empregar.....	15
7	Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	16
7.1.1	Curso: 1º ESO	16
7.1.2	Curso: 2º ESO	18
7.1.3	Curso: 3º ESO	19
8	Indicadores de logro para avaliar o proceso da ensinanza e da práctica docente ...	21
8.1.1	Curso: 1º ESO	21
8.1.2	Curso: 2º ESO	25
8.1.3	Curso: 3º de ESO	29
9	Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	33
10	Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se podan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	33
11	Medidas de atención a diversidade.....	34
12	Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.	34
13	Actividades complementarias e extra escolares programadas por cada Departamento didáctico.	35
14	Mecanismo de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	35

A. Introducción e contextualización

A relixión evanxélica é a materia de relixión impartida dende a perspectiva bíblica que caracteriza ó cristianismo evanxélico

Para os cristiás evanxélicos, o máis imporante e o coñecemento das ensinanzas bíblicas. Xa dende a igrexa primitiva cristiá e máis tarde coma un dos principios da Reforma do século XVI

Por esta razón, gran parte das actividades das nosas congregacións se centran no estudio da Biblia mediante Escola Bíblicas, Estudos Bíblicos que chegan a se converter en verdadeiros sistemas didácticos perfectamente comparables na súa calidade metodolóxica e pedagóxica aos plans de estudo de calquera material do sistema educativo oficial.

A oportunidade de ensinar nas escolas está avalado lexislativamente pola constitución de 1978 Artigo 27 “os poderes públicos garanten o dereito que asiste ós pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que está de acordo cas súas propias conviccións”.

Tamén o apoia a L.O. 7/1980 do 5 de Xullo de liberdade relixiosa , e os acordos de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas, conforme a Lei 24/1992, que no seu Artigo 10 da garantía ao alumnado, aos seus pais, nais, titores e órganos escolares de goberno que o soliciten, o exercicio do dereito do primeiro de recibir Ensinanza Relixiosa Evanxélica (ERE) nos centros docentes públicos..

Considerando a persoa como un ser integral con diferentes dimensións; biolóxica, psicolóxica, social e espiritual, é precisa unha formación que teña en conta os aspectos espirituais da mesma. Orientando ós alumnos a partir do coñecemento e análise das ensinanzas bíblicas na procura das respostas e as inquietudes que se lles formulan nas diversas áreas da súa vida.

Na Educación Secundaria, a opción confesional evanxélica ten en conta as características psicolóxicas propias da adolescencia. Nesta idade, o alumno formúlase especialmente no persoal e relixioso dunha forma máis racional, e entra nunha fase de interiorización que axuda a un descubrimento maior de se mesmo e unha capacidade crecente de abstracción.

Neste curso, e en concreto, neste centro (EIS Plurilingüe Rafael Dieste), este Departamento impartirá clases a alumnos de 1º, 2º e 3º

Se calquera programación ten un carácter aberto en canto o seu posterior desenvolvemento na aula, as circunstancias concretas que rodean a esta programación (p.e. faltas de asistencia, nivel educativo moi baixo, etc.), fan que nos atopemos cunha programación moito máis aberta do que nos gustaría.

B. Programación didáctica de 1º, 2º e 3º

1 Contribución das áreas e materias o logro das competencias clave na ESO

As competencias clave recollen a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman os perfís competenciais. A materia de relixión evanxélica fai que o seu aprendizaxe contribúa a adquisición de cada unha das competencias clave:

a) Competencia en comunicación lingüística

A materia de Relixión Evanxélica contribúe a adquisición da competencia en comunicación lingüística, posto que propón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, e como instrumento de regulación de condutas emocionais.

Ademais, mediante as súas propostas de traballo, as súas actividades, e os seus recursos, fomenta a escoita e a conversa consciente dos principais tipos de iteración verbal, a comprensión e a comunicación, e promove o feito de saber verbalizar conceptos, explicar ideas, redactar un escrito e expoñer un argumento.

O alumno será produtor e non soamente receptor da mensaxe. Para elo se emprega o aprendizaxe baseado en tarefas, problemas, retos, etc. Para desenrolar estas destrezas, se empregarán distintas modalidades e soportes de comunicación oral, escrita, e tamén audio visuais.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Esta competencia implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no se contexto. A nosa materia realmente pouco ten que ver cosas matemáticas, pero pódense desenrolar competencias relacionadas dende o punto de vista da elaboración de mapas, representacións no espazo, interpretación de vistas e construcións tridimensionais como por exemplo mapas dos lugares por onde Xesús tivo o seu ministerio, as viaxes de Paulo, representacións do templo Xudeu, etc.

Tamén se poñen en práctica o razoamento lóxico, aprendendo que a ciencia e a relixión non son materias opostas, senón que en moitos casos son complementarias, como así demostran evidencias históricas e arqueolóxicas.

c) Competencia dixital

Dado a relevancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) na sociedade actual, o ensino non pode ser alleo a esta realidade.

Dende a ERE promoveremos que os alumnos saiban buscar, obter, procesar e comunicar a información obtida mediante as TIC, utilizándoas como apoio do traballo e transformándoas en coñecemento.

Saber acceder á información, utilizando técnicas e estratexias diversas, e dominar o uso das ferramentas das TIC como apoio de traballo, constitúen tamén competencias importantes fomentadas por esta materia.

Na utilización das TICs, os alumnos deben ter unha actitude crítica e reflexiva con respecto á información dispoñible, e un uso responsable dos medios interactivos.

d) Competencia para aprender a aprender

Esta materia promove que os alumnos sexan capaces de iniciarse na aprendizaxe e continuala de modo autónomo. Admitir que fronte a un mesmo problema pode haber distintas respostas, ser conscientes do que se sabe e do que queda por aprender. A metodoloxía fundamentalmente participativa e activa, facilitará este aspecto. Serán necesarias á atención, a memoria, a experiencia, e a síntese da información, pero sobre todo o traballo en equipo (aínda que este sexa pequeno polas características específicas de esta materia), que facilitará a adquisición desta competencia.

e) Competencia social e cívica

Sen dúbida a ERE educa en valores sendo estes de carácter cristiá. Promove que os alumnos coñezan o seu pasado histórico, e a realidade social na que viven e exercen cidadanía democrática. Tamén a materia busca que os alumnos sexan tolerantes cos demais, respectando outras culturas, relixións e modos de vivir, deben aceptar as diferenzas e poñerse no lugar do outro.

Os alumnos teñen que aprender a convivir e teñen que facelo de modo comprometido cos valores universalmente aceptados.

O alumno debe valorar a diversidade cultural manifestando actitudes de tolerancia e respecto por outras culturas, sen renunciar por elo a un xuízo crítico sobre as mesmas dende unha perspectiva bíblica. Deben contrastar os valores éticos cristiáns con os valores predominantes na sociedade actual.

f) Competencia de iniciativa e espírito emprendedor

A ERE promove que os alumnos saiban optar con criterio propio, que poidan levar adiante as iniciativas necesarias para facerse responsables das propias opcións, e adquiran a capacidade necesaria para enfrontarse ás dificultades.

O alumno debe ser unha persoa autónoma e independente, que saiba tomar as súas propias decisións sen caer baixo a presión externa, aínda que poida ter en conta as opinións e consellos dos demais, sen que ninguén o manipule ou coaccione.

Tamén se fomentará que teña unha boa autoestima e seguridade en se mesmo, con iniciativa e creatividade, xa que todos somos creación de Deus, e El nos ama e valora

g) Competencia en conciencia e expresións culturais

Os alumnos deben apreciar a creatividade artística do ser humano, como manifestación da súa semellanza coa capacidade creadora de Deus.

Xa que se promove que os alumnos saiban apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, e empreguen a cultura coma fonte de disfrute e enriquecemento persoal, e aprecien a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, e que manteñan unha actitude aberta e respectuosa das diversas manifestacións culturais e artísticas

Destacar a importancia de que os alumnos teñan confianza en se mesmos, espírito de superación, e asunción de riscos, e sexan capaces de ter un espírito emprendedor e unha saudable ambición persoal e profesional. Por isto, se potenciarán aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a cooperación no sentido crítico. A ensinanza da relixión evanxélica debe ser conducente a facilitar unha maior autonomía do alumno e unha progresión dende o coñecemento inmediato orientado a maiores cotas de abstracción. Débese potenciar á medida en que se avanza, cada vez con maior confrontación e exercicio crítico, que permiten ao alumno afianzar a fe, e valores cristiáns que adquire

Todo ao anterior, prodúcese nun clima de liberdade e convivencia no que non se pretende tanto que a mensaxe sexa aceptada por haber sido aprendida e interiorizada primeiro. Non se pretende impoñer externamente virtudes crenzas ou modos de comportamento, pero si esperar que xurdan no alumnado como consecuencia de conviccións profundas.

2 Contidos

2.1 Contidos de 1º da ESO

O curso de Relixión Evanxélica para 1º da ESO divídese en seis unidades didácticas, que a súa vez, se reparten en leccións. A Continuación se aporta información de cada unha delas.

a) Unidade Didáctica 1: A Biblia e o seu estudo

- A composición do Antigo Testamento. Resumen esquemático e Canon.
- A composición do Novo Testamento. Resumen esquemático e Canon

- concepto de revelación e inspiración, e o propósito da Biblia
- b) Unidade Didáctica 2: A historia da salvación: de Adán a Xesucristo
- Adán e Eva: desobediencia dun home
 - A promesa dun Salvador
 - A Torre de Babel: un camiño errado
 - Abraham: O pacto con Deus e a confirmación da promesa dun Salvador
 - Isaac, Xacob e Xosé
- c) Unidade Didáctica 3: Vida e ministerio de Xesús
- Vida de Xesús: Nacemento e infancia de Xesús. Desenrolo da súa labor ministerial.
 - A figura de Xesús
 - Xesús: Deus e home
 - Xesús: Exemplo de vida
 - Xesús: Boas novas de salvación
- d) Unidade Didáctica 4: Historia do cristianismo: dende a súa orixe ate a Reforma do século XVI
- Orixe da igrexa
 - A obra misioneira de Paulo
 - A extensión da igrexa e as epístolas de Paulo
- e) Unidade Didáctica 5: Ser cristián: unha forma de vida
- ser humano como creación de Deus
 - A imaxe de Deus no ser humano
 - A dignidade da vida e o amor de Deus por toda a humanidade
 - valor da vida e o amor de Deus por toda a humanidade
- f) Unidade Didáctica 6: Ética cristián
- A liberdade de conciencia e a responsabilidade persoal
 - matrimonio e a familia

2.2 Contidos de 2º da ESO

O contido para 2ª de ESO está composto de 6 unidades didácticas que son:

- 1) A Biblia e o seu estudo
 - Liñas directrices do mensaxe bíblico
 - A relación de Deus co ser humano
 - A desobediencia do home e o plan de salvación
 - A obra redentora de Cristo
 - A presenza e a obra do Espírito Santo no cristián
 - A xustificación por fe
 - O reino de Deus e a igrexa
- 2) A historia da salvación. Dende Adán a Xesucristo.
 - O pobo de Israel en Exipto
 - O significado da Pascua
 - Éxodo do pobo de Israel e os anos no deserto
 - Moisés e o pacto de Deus co seu pobo
 - A Lei: Normas éticas, civís, cerimoniais
 - A Lei e o evanxelio
- 3) A vida e ministerio de Xesús
 - As relación de Xesús
 - Co pobo: relixiosos, necesitados e autoridades
 - Co pai
 - Cos discípulos
 - Connosco
- 4) A historia do cristianismo. Dende as súas orixes ate a Reforma do século XVI
 - A época das persecucións
 - A igrexa no Baixo imperio Román
 - Da concesión da liberdade a proclamación do cristianismo como relixión oficial do estado
- 5) Ser cristián: unha forma de vida
 - A separación entre Deus e o home
 - As consecuencias da caída
 - A esperanza da restauración
- 6) Ética cristián
 - O respecto e amor ao próximo
 - O coidado da creación
 - A responsabilidade social
 - A importancia do traballo

Estas unidades didácticas se dividen en leccións. No primeiro trimestre se imparten as dúas primeiras unidades didácticas, e no segundo trimestre a terceira e cuarta. No último trimestre a quinta e a sexta

2.3 Contidos de 3º da ESO

O curso de Relixión Evanxélica para 3º da ESO divídese en seis unidades didácticas, que a súa vez, se reparten en leccións. A Continuación se aporta información de cada unha delas.

- a) Unidade Didáctica 1: A Biblia e o seu estudo
- A Biblia como palabra de Deus (autoridade)
 - A veracidade da Biblia
 - A fiabilidade da Biblia e coherencia da Biblia
 - Racionalidade da revelación bíblica: As evidencias históricas e arqueolóxicas
 - Como nos ha chegado a Biblia.
- b) Unidade Didáctica 2: A historia da salvación: de Adán a Xesucristo
- Xosué e a conquista da terra prometida
 - período dos xuíces
 - Samuel e a monarquía
 - Deus renova a súa promesa con David
 - A Lei: A división do Reino. A mensaxe dos profetas e a catividade
- c) Unidade Didáctica 3: Vida e ministerio de Xesús
- Morte, resurrección e ascensión
 - Xesucristo e a salvación do crente
 - A promesa da segunda vinda
- d) Unidade Didáctica 4: Historia do cristianismo: dende a súa orixe ate a Reforma do século XVI
- A igrexa cristián dende o século IV ate a ruptura da igrexa de Oriente con Roma
 - cristianismo na península Ibérica
 - A evolución da igrexa na Idade Media e o poder do papado
- e) Unidade Didáctica 5: Ser cristián: unha forma de vida
- A restauración da imaxe de Deus no ser humano a través de Xesús
 - novo nacemento. Xesús é Salvador.
 - discipulado. Xesús é Señor.

a) Unidade Didáctica 6: Ética cristián

- A responsabilidade persoal
- As relacións interpersoais

2.4 Temporalización

2.4.1 Curso: 1º ESO

Unidade Didáctica	Primeiro Trimestre	Segundo Trimestre	Terceiro Trimestre
	X		
	X		
		X	
		X	
			X
			X

2.4.1 Curso: 2º ESO

Unidade Didáctica	Primeiro Trimestre	Segundo Trimestre	Terceiro Trimestre
	X		
	X		
		X	
		X	
			X
			X

2.4.2 Curso: 3º ESO

Unidade Didáctica	Primeiro Trimestre	Segundo Trimestre	Terceiro Trimestre
	X		
	X		
		X	
		X	
			X
			X

3 Grado mínimo de consecución para superar a materia

- 1) Asistencia a clase
- 2) Bo comportamento
- 3) Atender, traballar e participar na aula
- 4) Ter un mínimo de coñecementos bíblicos de acordo ao contido de cada Unidade Didáctica, as súas leccións e os estándares de aprendizaxe aplicadas a cada curso.

No caso de que a ensinanza fose non presencial, é imprescindible para superar a materia realizar os traballos que serán entregados polo profesor a través da Aula Virtual, e que os alumnos devolverán feitos por correo electrónico ao profesor.

4 Procedemento e instrumentos de avaliación

I.- En Xuño:

O 100% da cualificación reparte en dúas partidas:

- a) Nivel conceptual e procedimental cun 60%

- Realizar os traballos que se lles manden
 - Traballar e participar na crase
- b) Nivel atitudinal valorase cun 40%
- A asistencia a clase
 - Traer a clase o material necesario, principalmente a Biblia
 - O comportamento na clase: a atención as explicacións e o respecto polos demais.

En xeral, os contidos se traballan na aula, deixando soamente para casa os traballos voluntarios.

No suposto de que a ensinanza fose non presencial, o 100% da cualificación será a entrega dos traballos feitos en casa, e entregados ao profesor mediante correo electrónico. A nota final será a media da nota das avaliacións.

II.- En Setembro

O alumno que non supere a materia na convocatoria de Xuño, terá que realizar un exame escrito sobre a materia impartida ao longo do curso na convocatoria extraordinaria de Setembro, que suporá o 100% da nota, e valorará o grado de recuperación do alumno.

No suposto de que a ensinanza fose non presencial, o 100% da cualificación será a entrega dos traballos feitos en casa, e entregados ao profesor mediante correo electrónico.

5 Concrecións metodolóxicas que require a materia

Para establecer a metodoloxía didáctica tívose en conta a importancia de estimular a motivación do alumnado, potenciar a súa autoestima e autonomía, desenrolar estratexias de traballo compartido e potenciar a comunicación coas familias.

Nas clases, se seguirán distintos métodos didácticos:

- a) Nalgunhas das clases o traballo será individualizado, de modo que o mestre expoñerá e explicará a lección, e logo entregará aos alumnos unhas follas con preguntas e actividades lúdicas como encrucillados ou sopas de letras, orientado todo a aplicar o aprendido na lección, e para mostrar o mestre si a entenderon e asimilaron.
- b) Outras clases se realizarán en grupo
 - Pode ser poñendo un vídeo con algunha película relacionada cos contidos para que os alumnos vexan plasmada nelas unha realidade, valor moral, ou historia Bíblica. Logo de vela, se formulan algunhas preguntas e os rapaces oralmente expoñerán as conclusións as que chegaron despois de ver a película. Tamén serán útiles para afianzar os seus coñecementos.

- Tamén acudiremos a internet para consultar páxinas nas que se poida ver algún vídeo ou curtametraxe que sexan reflexo dalgunha verdade bíblica ou da que poidan aprender algún valor ético ou moral.

Tamén consultaremos algunha biografía de algún cristián que destaque pola súa valía coma persoa ou artisticamente.

Con toda esta información, terán que facer un resumo, que entregarán o mestre e logo na clase oralmente, entre todos, poñeremos en común as conclusións e aprendizaxe que cada un entenda, e que poida ser útil para a súa vida.

6 Materiais e recursos didácticos que se van a empregar

- a) Recursos humanos.- A miña actividade como profesora será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actitude construtiva do alumno. Concretamente, na aula realizarei exposicións, explicacións, propostas e actividades, atención individualizada, etc.

Tamén aportando no proceso de ensinanza en aprendizaxe os recursos e medios necesarios para a interpretación dos feitos reais, ideas, principios, datos ou valores, e se constitúe en guía, aportando unha visión bíblica dos mesmos e modelos de aplicación práctica en situacións cotiás. Teño por último un valor de modelo, posto que o alumnado tende a aprender actitudes das persoas con autoridade. Por elo, os profesores de ERE han de asumir un rol ético propio de actitudes cristiás e unha función de guía que aporte os recursos, medios e orientacións necesarios para que sexan capaces de elaborar as súas propias interpretacións e conclusións persoais a partir das súas circunstancias.

- b) Recursos materiais

Non temos libros de texto, debido a que non foi elaborado pola autoridade competente (ERE), polo tanto, o utilizado na crase e:

- A Biblia.- Coma texto base para tódalas explicacións. Non importa que tipo de Biblia sexa, sendo preferible a versión “Reina-Valera” ou “Nova Versión Internacional”. O alumnado que aprende ERE debe ser un alumnado activo, sendo prioritaria a súa participación. Para elo, se lle capacita dende idades temperanas para o manexo e coñecemento da Biblia, pois ha de remitirse a ela ao longo da súa aprendizaxe como fonte básica para a comprensión do modo en que Deus se ha achegado e revelado ao ser humano. A capacitación para a investigación bíblica se cumprimenta co uso de fontes extrabíblicas, en ocasións coincidentes coas outras materias que tamén estuda

(literarias, históricas e documentais), como garantía da complementariedade da ensinanza de ERE co resto do currículo e a súa aportación á formación integral do adolescente.

- Fotocopias.-Entregadas por min para realizar actividades na clase sobre a historia explicada, para ver se foi entendida. A fotocopia terá unha parte de preguntas para respostas sobre a lección explicada, para ver se os alumnos a lembran, e outra parte lúdica, cun encrucillado, sopa de letras, etc., que sexa reflexo tamén do aprendido.
- Franelogramas, para explicar a lección.
- Música cristián
- Medios audio-visuais (vídeo e debate). Poranse varias películas ao longo do curso relacionadas coas leccións que se expliquen para reforzalo aprendido, e tamén para velo plasmado dun modo práctico.
- Utilización das novas tecnolóxicas para o tratamento da información . Acudir a internet para que partindo da base dunha historia que vexan en internet, facer traballos sobre a ensinanza bíblica que lles recorda. E tamén plasmar os valores que se poden aprender nesa historia e aplicarlos as súas vidas.
- Materiais varios: tesoiras, pregamento, lapis de cores, etc.

No caso de clases non presenciais, precisarase dispor tamén dun ordenador, tablet, teléfono intelixente ou similar, e conexión a internet.

7 Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

7.1.1 Curso: 1º ESO

- a) Unidade Didáctica 1: A Biblia e o seu estudo
 - Coñecer a estrutura do Antigo e Novo Testamento, e identificar os autores por libro, e ser capaz de resumir brevemente a historia bíblica
 - Extraer e elaborar información relacionada coa inspiración, revelación, Canon e propósito da Palavra de Deus
 - Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia como medio por cal Deus se revela e fala ao ser humano
- b) Unidade Didáctica 2: A historia da salvación: de Adán a Xesucristo
 - Investigar os principais sucesos da historia bíblica dende Adán ate Xosé, elaborando información recollida

- Analizar as implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga do pobo de Israel e no plan de Deus para a salvación da humanidade

c) Unidade Didáctica 3: Vida e ministerio de Xesús

- Identificar e ordenar cronoloxicamente as etapas do nacemento, crecemento e primeiros anos do ministerio de Xesús, que relatan os evangelios
- Obter e analizar información relevante sobre a etapa inicial do ministerio de Xesús, empregando a Biblia como fonte.
- Explicar a figura de Xesús, analizando a súa divindade, humanidade, así como o seu exemplo de vida
- Valorar as boas novas da salvación analizando os textos bíblicos

d) Unidade Didáctica 4: Historia do cristianismo: dende a súa orixe ate a Reforma do século XVI

- Obter información concreta e relevante sobre as orixes da igrexa, empregando diferentes fontes.
- Identificar e situar cronoloxicamente e xeograficamente os principais feitos históricos no devíñer do pobo cristián no período neo testamentario, analizando as consecuencias sociais e históricas dos mesmos
- Empregar as tecnoloxía da información e da comunicación para obter información e aprender e expresar contidos sobre a historia do cristianismo primitivo
- Participar en diálogos e debates sobre os cambios producidos polo cristianismo nos distintos ámbitos da sociedade antiga e actual.

e) Unidade Didáctica 5: Ser cristián: unha forma de vida

- Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que mostran que o ser humano foi creado á imaxe de Deus
- Identificar e localizar en pasaxes bíblicas exemplos de conductas, actitudes e valores que reflexan o que significa ter unha relación persoal con Deus
- Explicar o amor de Deus pola humanidade e por cada individuo en particular, analizando as implicacións.

f) Unidade Didáctica 6: Ética cristián

- Analizar a importancia da liberdade de conciencia e a responsabilidade no marco bíblico e no contexto social.

- Entender a base bíblica da familia cristián

7.1.2 Curso: 2º ESO

g) Unidade Didáctica 1: A Biblia e o seu estudo

- Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia sobre Deus e a súa relación co ser humano
- Explicar o plan da salvación e a obra de Cristo comprendendo a importancia da resurrección
- Identificar e estudar textos bíblicos da ascensión de Cristo, e a obra do Espírito Santo
- Analizar a base bíblica da xustificación por fe, o reino de Deus e a igrexa

h) Unidade Didáctica 2: A historia da salvación: de Adán a Xesucristo

- Obter a información sobre os principais feitos que acaecidos ao pobo de Israel dende o período dos patriarcas ate a chegada á Terra Prometida, elaborando a información recollida (Tabulas, gráficos, resumos)
- Sacar conclusións acerca das implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga e tipos de leis do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade, á luz de textos do Antigo Testamento e do Novo Testamento.

i) Unidade Didáctica 3: Vida e ministerio de Xesús

- Analizar en textos do evanxeo as reaccións de Xesús co Pai, os discípulos, diversas persoas do pobo e con nos, e comunicando os seus descubrimentos ao resto da clase
- Sacar conclusións acerca do que significa e que implicacións persoais ten ser discípulos de Xesucristo, mediante o estudo, individual e grupal, de diversos textos dos evanxeos que relatan encontros de Xesús con diferentes persoas.

j) Unidade Didáctica 4: Historia do cristianismo: dende a súa orixe ate a Reforma do século XVI

- Obter información concreta e relevante sobre as orixes da igrexa, empregando diferentes fontes.
- Identificar e situar cronoloxicamente e xeograficamente os principais feitos históricos no devíñer do pobo cristián no período neo testamentario, analizando as consecuencias sociais e históricas dos mesmos

- Desenrolar a responsabilidade, a capacidade de esforzo, e a constancia no estudio da historia da igrexa dende a etapa do Baixo Imperio Román, ate o inicio da Idade Media.
- Participar en diálogos e debates sobre os cambio producidos polo cristianismo nos distintos ámbitos da sociedade antiga e actual.

k) Unidade Didáctica 5: Ser cristián: unha forma de vida

- Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que mostran que o ser humano foi creado á imaxe de Deus
- Identificar e localizar en pasaxes bíblicos exemplos de conductas, actitudes e valores que reflexan o que significa ter unha relación persoal con Deus

l) Unidade Didáctica 6: Ética cristián

- Comprender a perspectiva bíblica sobre o respecto e amor ao próximo, o coidado da creación, a responsabilidade social e a importancia do traballo
- Participar activamente en nalgún proxecto colectivo (na familia, no centro escolar, o barrio, a poboación ou a cidade onde vive), que axude a cubrir as necesidades básicas (psicolóxicas, sociais ou espirituais), de persoas do seu entorno próximo, manifestando actitudes de solidariedade e compromiso.
- Empregando informacións de diversas fontes, identificar os valores predominantes na sociedade actual respecto a diversas situacións, problemas e dilemas éticos contemporáneos, constatándoos cos valores éticos cristiáns segundo as ensinanzas da Biblia.

7.1.3 Curso: 3º ESO

a) Unidade Didáctica 1: A Biblia e o seu estudo

- Identificar, analizar e valorar diversos textos bíblicos que presentan a Biblia como un medio por medio do que Deus fala e se revela ao ser humano
- Extraer e elaborar información relacionada coa inspiración, autoridade, autenticidade, unidade e coherencia da composición bíblica, facendo uso das tecnoloxías da información e comunicación como recurso de apoio
- Realizar unha sinxela investigación sobre a fiabilidade historia da Biblia a partir da consulta de diversas fontes secundarias, algunhas relacionadas pola profesora, e

outras polos propios alumnos recollendo evidencias externas e internas ao texto bíblico, e comunicando os resultados aos demais compañeiros e compañeiras da clase.

b) Unidade Didáctica 2: A historia da salvación: de Adán a Xesucristo

- Obter información sobre os principais feitos acaecidos ao pobo de Israel dende o establecemento na terra prometida, ate o exilio, elaborando a información recollida (tabulas, gráficas e resumes)
- Obter conclusións acerca das implicacións que teñen os principais feitos da historia antiga do pobo de Israel no plan de Deus para a salvación da humanidade.

c) Unidade Didáctica 3: Vida e ministerio de Xesús

- Analizar nos evanxelios a morte, resurrección e ascensión de Xesucristo relacionando estes feitos con distintas profecías do Antigo Testamento que se cumpriron.
- Situar a persoa e a obra de Xesús no contexto da obra salvadora de Deus ao longo da historia, a favor da humanidade e reflexionar nas implicacións persoais que ten a resposta a súa mensaxe.
- Investigar a base bíblica para a promesa da segunda vinda de Xesucristo, explicando os seus resultados na clase.

d) Unidade Didáctica 4: Historia do cristianismo: dende a súa orixe ate a Reforma do século XVI

- Obter información concreta e relevante sobre feitos delimitados, empregando diferentes fontes.
- Identificar e situar cronolóxicamente e xeograficamente os principais feitos históricos no devir do cristianismo na Idade Media, analizando as consecuencias sociais e históricas dos mesmos.
- Desenrolar a responsabilidade, a capacidade do esforzo e a constancia no estudio da historia da igrexa dende a etapa do Baixo Imperio Romano, ate o inicio da Idade Media

e) Unidade Didáctica 5: Ser cristián: unha forma de vida

- Identificar, analizar e resumir os textos bíblicos clave que expresan o concepto de que o ser humano foi creado á imaxe de Deus, e a restauración da mesma a través de Xesús.
- Saber, identificar e localizar en pasaxes bíblicos exemplos de conductas, actitudes e valores que reflexan o que significa ter unha relación persoal con Deus e o papel de perseverar na vida cristián como seguidores de Xesús.

f) Unidade Didáctica 6: Ética cristián

- Afondar nos aspectos prácticos de vivir a vida cristián nunha relación persoal con Deus mesmo e con outras persoas, e o que elo supón.
- Crear un entendemento e actitude sobre a relevancia e responsabilidade no desenrolo do seu futuro e formación educativa e formal, e tamén espiritual.

8 Indicadores de logro para avaliar o proceso da ensinanza e da práctica docente

8.1.1 Curso: 1º ESO

a) Unidade Didáctica 1: A Biblia e o seu estudo

- 1.1 Recoñece a estrutura e composición do Antigo e do Novo Testamento relacionar os libros da Biblia con outros escritores e colocalos na liña do tempo.
- 1.2 Fai cadros esquemáticos sobre a composición do Antigo e Novo Testamentos, e identifica o contexto histórico de cada un.
- 1.3 Busca os libros da Biblia, e amosa axilidade e capacidade de xestionar a Biblia con autonomía.
- 1.4 Lembra versículos clave sobre o valor da Biblia ea súa importancia para a vida dos cristiáns explicando o seu significado.
- 2.1. Procura, selecciona e interpreta información sobre inspiración, revelación e Canon da Biblia, a partir da utilización de diferentes fontes.
- 2.2 Transmite a información seleccionada utilizando con precisión diversos medios de comunicación.
